



NOTA DE PRENSA

O CONCELLO DE NOIA REALIZA UNHA AUDITORÍA DOS PARQUES INFANTÍS PARA MELLORAR A SEGURIDADE DOS CATIVOS E FACILITAR ASÍ UNHA BOA PLANIFICACIÓN

O GOBERNO LOCAL CONSIDERA FUNDAMENTAL “PLANIFICAR A MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS, XA QUE SON ESPAZOS DE CONVIVENCIA QUE DEBEN SER MELLORADOS”

Dende o goberno local insisten na importancia desta medida en aras da seguridade dos cativos e as cativas para que poidan desenvolverse nun espazo de xogo agradable e seguro

Noia, 15 de febrero de 16. O Concello de Noia revisará a súa rede de parques infantís tras ter constancia de que algunha destas áreas precisa dunha importante posta a punto.

Dende o executivo local apuntan a necesidade de que se planifique para os vindeiros anos diferentes actuacións “para preservar e mellorar as zonas xogo e ocio dos máis cativos”.

Nese sentido o alcalde de Noia encargou unha auditoría das diferentes áreas recreativas que permitirá garantir a seguridade destas zonas de ocio.

Dende o goberno local apuntan que a realización deste traballo terá como consecuencia que no futuro se poidan abaratar os costes de mantemento, atallando o deterioro e evitando deste xeito a substitución completa de elementos de xogo.

A auditoría que encargou o concello de Noia contemplará unha exhaustiva descrición do estado de cada un dos parques infantís indicando as deficiencias detectadas conforme á normativa en vigor.



CONCELLO DE NOIA

NOTA DE PRENSA

Tamén incluírá os planos actualizados dos recintos, imaxes para avaliar o estado de conservación e unha revisión e actualización das medidas de seguridade. Todas estas cuestións son consideradas de vital importancia por parte do actual goberno local.

O alcalde de Noia considera moi importante esta medida en aras da seguridade dos cativos e as cativas para que poidan desenvolverse nun espazo de xogo agradable e seguro.

*Comunicacións.
Concello de Noia*